

RESOLUCIÓN DE ADJUDICACIÓN PROVISIONAL

SERVICIO DE SEGURIDADE XERAL DO RECINTO FEIRAL E PARTICULAR PARA CADA CERTAME FEIRAL E CONGRESUAL PARA A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA (REF.: 6006/2009-02)

Examinadas as actas das reunións da mesa de contratación designada para elevar a proposta de adjudicación, mediante procedemento aberto, da citada contratación, que se convocou o 26 de marzo de 2009 (DOG nº59) e segundo o establecido no artigo 135 da lei 30/2007 de 3 de outubro, de contratos do sector público (LCSP) e ó artigo 61 das instrucións de contratación da Fundación Semana Verde de Galicia e conforme a proposta formulada por aquela o día 29 de abril de 2009, e no uso das facultades que, en materia de contratación, me atribúe o Padroado da Fundación,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Adjudicar de forma **PROVISIONAL** a contratación do concurso “**SERVICIO DE SEGURIDADE XERAL DO RECINTO FEIRAL E PARTICULAR PARA CADA CERTAME FEIRAL E CONGRESUAL PARA A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA (REF.: 6006/2009-02)**” á empresa **EULEN SEGURIDAD, S.A.** polos seguintes importes unitarios que figuran na oferta:

- Hora de axente de seguridade diúrna sen arma: Dezaseis euros con cincuenta e cinco céntimos (16,55.-€), máis dous euros con sesenta e cinco céntimos (2,65.-€) que corresponden ó IVE, o que supón un total de dezanove euros con vinte céntimos (19,20.-€).
- Hora de axente de seguridade nocturna sen arma: Dezasete euros con sesenta céntimos (17,60.-€), máis dous euros con oitenta e dous céntimos (2,82.-€) que corresponden ó IVE, o que supón un total de vinte euros con corenta e dous céntimos (20,42.-€).
- Hora de axente de seguridade diúrna con arma: Dezaseis euros con noventa céntimos (16,90.-€), máis dous euros con setenta céntimos (2,70.-€) que corresponden ó IVE, o que supón un total de dezanove euros con sesenta céntimos (19,60.-€).
- Hora de axente de seguridade nocturna con arma: Dezasete euros con noventa céntimos (17,90.-€), máis dous euros con oitenta e seis céntimos (2,86.-€) que corresponden ó IVE, o que supón un total de vinte euros con setenta e seis céntimos (20,76.-€).

Dado que esta proposición considérase máis vantaxosa en vista á oferta global presentada.

SEGUNDO.- Proceder á notificación da adxudicación provisional aos participantes na licitación, así como a súa publicación no perfil do contratante, de conformidade co disposto no artigo 135 da LCSP e ó artigo 61 das instrucións de contratación da Fundación Semana Verde de Galicia.

De conformidade co disposto no artigo 135.4 da LCSP e tal e como se recolle na cláusula 17 do prego de condicións que rexen nesta contratación, o adxudicatario provisional, deberá presentar nas oficinas da Fundación Semana Verde de Galicia no prazo de **10 días hábiles**, a contar dende o día seguinte á data de publicación desta resolución no perfil do contratante desde organismo, a documentación referenciada no devandito prego.

Silleda, 5 de maio de 2009

D^a Paloma Hidago López



Directora Xeral